

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: Ferrol
COMARCA: Ferrolterra
DATA: 16.04.2016
LUGAR DE REALIZACIÓN: Sala de exposicións de Sargadelos en Ferrol

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES (no momento de maior participación) : 60
NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: 25

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSONAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: Iván Rivas. Portavoz municipal
Carlos Outeiro. Responsábel local
Representante Consello Nacional: Ana Pontón.

NÚMERO DE PERSONAS QUE INTERVIRON: 12

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 2 horas

METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.): Clásica.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN: (tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.)

En xeral positiva, ambiente participativo e de crítica construtiva. Pouco diálogo entre os participantes estando dirixidas as intervencións ao BNG. Intervencións maioritariamente breves.

Moi positivo o número de simpatizantes e mellorábel o de militantes. As dimensións do local ficaron óptimas pois se completou o aforo con moi poucas persoas de pé.

Acadouse que o debate fóra alén dos temas estrictamente locais. Para estes convidouse a participar nunha asemblea no local do BNG na semana seguinte.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posíbeis)

CON CARÁCTER XERAL

O BNG é íntegro na súa actividade política non como outras organizacións políticas que son corruptas.

O BNG é coherente entre o que defende socialmente e na oposición e o que defende cando goberna.

Hai que construír o país coas nosas maos, séndomos vangarda na defensa das súas necesidades.

As novas organizacións políticas acadan relevancia polo alto respaldo mediático que teñen. Non perdermos tempo tratando de emulalas.

Podemos tivo a repercusión que tivo por un apoio mediático nada inocente.

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

Forte caída demográfica na Galiza nas últimas décadas.

A caída demográfica é unha realidade europea non específica galega.

O país está desartellado, hai emigración e baixa participación política e as entidades de todo tipo están paralizadas.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

Non presentarse electoralmente con novas siglas sen un mínimo de garantías de podelas dar a coñecer.

Hai que mudar as formas da actividade do BNG. Hai que resistir mais tamén interactuar coa sociedade.

Xestionáronse mal as Asembleas Abertas logo dun adverso resultado eleitora. Este resultado foi provocado coa axuda de persoas que foran líderes do BNG.

Non enfrontarmos a grave situación social coa política da apariencia que promoven outras organizacións. Adicarlle tempo no discurso aos aspectos estruturais e non aos mediáticos.

Non pode haber unidade do nacionalismo xa que parte del aposta pola dependencia externa.

Hai que plasmar o concepto de soberanía con cousas cotiás.

Non se aproveitou o paso pola Xunta para reforzar a estrutura nacional e facer proxelitismo.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

Houbo moita agresividade entre nós.

Hai que activar á militancia que está pasiva na casa.

O nacionalismo galego ten que se organizar dun xeito plural, non como un único partido convencionanal.